



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estatística avanzada para a enxeñaría biomédica

Materia	Estatística avanzada para a enxeñaría biomédica			
Código	V04M192V01101			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Jacobo Rodríguez Álvarez, María José			
Profesorado	de Uña Álvarez, Jacobo Rodríguez Álvarez, María José			
Correo-e	jacobou@uvigo.es mxrodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende ser unha ferramenta útil na formación dun/ha enxeñeira/o biomédica/o. O seu principal obxectivo é formar ao alumnado no coñecemento e manexo, tanto a nivel teórico como práctico, de técnicas estatísticas e de deseño de experimentos de aplicación no ámbito da enxeñaría biomédica.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Capacidade para deseñar, desenvolver, implementar, xestionar e mellorar produtos e procesos nas diferentes áreas do Enxeñaría biomédica, mediante técnicas analíticas, computacionais ou experimentais apropiadas.
B2	Capacidade de dirixir actividades relacionadas coa competencia CG1
B5	Coñecementos para a realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planes de labores e outros traballos análogos.
B8	Capacidade para aplicar os principios e métodos da calidade.
C1	Capacidade para deseñar, implementar e xestionar experimentos adecuados, analizar os seus resultados e sacar conclusións no ámbito da enxeñaría biomédica.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer técnicas de análises de datos e deseño de experimentos de aplicación na enxeñaría biomédica.	A2 B1 B5 C1

Aplicar técnicas de análises de datos e deseño de experimentos no ámbito da de enxeñería biomédica.	A2 A4 B1 B2 B5 B8 C1
---	--

Contidos

Tema	
Tema 1. Ampliación de deseño e análise de experimentos	Principios e conceptos básicos do deseño experimental. Deseños replicados. Factor de bloqueo. Interacción. Deseño factorial con dous factores: modelo, contrastes de hipóteses relevantes, táboa ANOVA II, modelo de efectos principais. Deseño factorial con tres factores. Deseños fraccionados. Fracción un-medio dun deseño 2^k : fracción principal e fracción complementaria. Fraccións de deseños con tres factores: cadrados latinos.
Tema 2. Introducción ao control de calidade	Dimensións da calidade na Enxeñería. Principios básicos do control estatístico da calidade. Control por variables e control por atributos. Gráficos de control: límites de advertencia, límites de acción e regras de decisión. Función de operación característica. Control por variables: gráfico x-barra, gráfico R, gráfico S, gráficos para medidas individuais. Análise da capacidade. Control por atributos: gráfico p, gráfico np, gráfico c e gráfico u.
Tema 3. Fiabilidade industrial e análise de supervivencia	Concepto de fiabilidade e medidas de fiabilidade. Función de fiabilidade e función de taxa de fallo. Tempo medio residual de vida. Modelos probabilísticos notables: Exponencial, Gamma, Weibull, Lognormal, Loglogístico. Fiabilidade de sistemas. Estudos de fiabilidade: datos censurados e datos truncados. Métodos paramétricos de estimación e inferencia sobre a fiabilidade. Métodos non paramétricos: curvas Kaplan-Meier e Nelson- Aalen. Gráficos de bondade de axuste. Tests de vida acelerada. Regresión de Cox. Múltiples tipos de fallo.
Tema 4. Métodos lineais en regresión e clasificación	Modelo lineal e modelo lineal xeneralizado (loxístico e Poisson). Estimación e inferencia. Avaliación e selección de modelos (erro de predición; criterios de información; validación cruzada e bootstrap). Selección de variables e regularización (selección de subconjuntos de variables; regresión paso a paso; regresión LASSO e Ridge). Redución da dimensión.
Tema 5. Métodos non lineais en regresión e clasificación	Modelización de efectos non lineais: expansión en bases e regresión spline penalizada. Modelo aditivo xeneralizado. Estimación e inferencia. Métodos de regresión e clasificación baseados en árbores: árbores de decisión e bosques aleatorios. Introducción ás máquinas de vectores de soporte (support vector machines). Breve introdución ás redes neuronais e a aprendizaxe profunda.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	48	78
Prácticas con apoio das TIC	18	36	54
Resolución de problemas de forma autónoma	0	15	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Expoñeranse en sesión maxistral os contidos da materia.
Prácticas con apoio das TIC	Tratamento de datos mediante o uso do software libre R.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de exercicios prácticos propostos durante as clases de teoría de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.
Prácticas con apoio das TIC	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.
Resolución de problemas de forma autónoma	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas con apoio das TIC	Asistencia ás prácticas e resolución de probas ao longo do curso. O alumnado realizará casos prácticos de análise de datos empregando o software R.	50	A2 A4	B1 B2 B5 B8	C1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final sobre os contidos da materia. Se esixirá un mínimo de 4 puntos sobre 10 no exame final.	50	A2 A4	B1 B2 B5 B8	C1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Valorarase o traballo da/o alumna/o ao longo do curso. Na nota final, a avaliación continua (prácticas) suporá un 50% e o exame final un 50%. Será obrigatorio presentarse á proba final, e deberase sacar nela unha cualificación superior a 4 puntos (sobre 10) para poder superar a materia.

Na convocatoria extraordinaria aplicarase o mesmo baremo que na ordinaria, contando a avaliación continua un 50% e o exame final un 50%. Neste caso manteranse as cualificacións das probas de avaliación continua e só se repetirá o exame final.

Requírese do alumnado que curse esta materia un comportamento responsable e honesto. Considérase inadmisíbel calquera forma de fraude (copia ou plaxio) dirixida a falsear o nivel de coñecemento e habilidades acadados en todo tipo de proba, informe ou traballo. As condutas fraudulentas poderán supor suspender a materia durante un curso completo. Levarase un rexistro interno destas actuacións para, en caso de reincidencia, solicitar a apertura ao reitorado dun expediente disciplinario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

James, G., Witten, D., Hastie, T., Tibshirani, R., **An Introduction to Statistical Learning: With Applications in R** (<https://www.statlearning.com>), 2, Springer, 2021

Hastie, T., Tibshirani, R., Friedman, J., **The Elements of Statistical Learning: Data Mining, Inference, and Prediction** (<https://hastie.su.domains/ElemStatLearn/>), 2, Springer, 2009

Montgomery, D.C., Runger, G.C., Hubele, N.F., **Engineering Statistics**, 5, Wiley, 2011

Bibliografía Complementaria

Wood, S., **Generalized Additive Models: An introduction with R.**, 2, Chapman and Hall/CRC Texts in Statistical Science, 2017

Faraway, J.J., **Linear models with R**, 2, Chapman and Hall, 2015

Dean, A., Voss, D., **Design and Analysis of Experiments.**, Springer, 1999

Kuehl, R.O., **Diseño de experimentos. Principios Estadísticos para el Diseño y Análisis de Investigaciones**, 2, Thomson, 2001

Ryan, T.P., **Modern Experimental Design**, Wiley, 2007

Vilar Fernández, J.M., **Modelos Estadísticos Aplicados**, Universidade da Coruña, 2003

Montgomery, D.C., **Control Estadístico de la Calidad**, 3, Limusa Wiley, 2004

Montgomery, D.C., **Introduction to Statistical Quality Control**, Wiley, 2009

Kalbfleisch, J. D. y Prentice, R. L., **The Statistical Analysis of Failure Time Data**, 2, Wiley, 2011

Lawless, J. F., **Statistical Models and Methods for Lifetime Data**, 2, Wiley, 2003

Recomendacións